

O Cabrón mostra a súas primeiras xoias

Escrito por

Mércores, 28 Xullo 2010 22:14



Xa comezaron os traballos arqueolóxicos na estación arqueolóxica de O Cabrón, no Concello de Arbo. Entre as viñas que dominan a paisaxe, o primeiro "choio" foi limpar o eido onde comezará a escavación para descubrir os perfíles que permitirán analizar a estratigrafía do lugar.

Coas ferramentas adecuadas fíxose un corte dun metro de profundidade que deixou a descuberta os primeiros trinta utensilios. A sorpresa foi maiúscula por que non se esperaba atopar tal volume de pezas nesta etapa.

As mostras permítennos afirmar que se trata dun xacemento do Paleolítico Inferior de tipo acheliense de máis de 200.000 anos de antigüidade. O sitio ten unha cronoloxía similar ás atopadas nas escavacións realizada polo Instituto de Estudos Miñoranos no Porto Maior (Concello de As Neves) e a Chan do Cereixo (Concello de Gondomar).

Pola mañá cedo, os traballos desenvolvéronse a bo ritmo a pesar da intensa calor. Ao tempo que se limpaba o perfil estratigráfico tomáronse cun teodólito as medidas do eido para debuxar o xacemento. Cando a escala marcou o primeiro metro asomou un fermoso biface de cuarcita en perfecto estado.

O xacemento ten a particularidade de atoparse tal cal o deixaron seus antigos habitantes do Paleolítico Inferior, sen a típica dispersión das pezas obra da erosión e o paso do tempo. O que representa a primeira estación arqueolóxica destas características en Galicia.

Todo isto fai pensar que a medida que avancen os traballos, os datos serán maiores e de moita valía. A estación ten en principio uns vinte metros cadrados, onde se escavará e investigará este asentamento prehistórico.

O equipo encargado do proxecto está a cargo da Sección de Arqueoloxía do Instituto de Estudos Miñoranos baixo a dirección do arqueólogo Xosé Lois Vilar. Os traballos de campo están coordinados por Eduardo Méndez Quintas e o equipo está integrado polos membros do IEM: Andrea Serodio, Anxo Rodríguez, Carlos Méixome, Xilberte Manso e Roberto Rodríguez Álvarez.

O proxecto conta coa colaboración da Vicerreitoría de Extensión Universitaria da Universidade de Vigo, que achegou materiais técnicos. Tamén, conta co asesoramento científico de Manuel Santonja, coordinador da Área de Arqueoloxía Económica y Espacial do Centro Nacional de Investigación en Evolución Humana de Burgos (CENIEH).

Para todos aqueles amantes de noso patrimonio histórico, deixamos a continuación unha reportaxe en imaxes da primeira xornada de escavación no xacemento do Cabrón. [Pica aquí.](#)